



Guía Docente				
Datos Identificativos			2023/24	
Asignatura (*)	Economía política		Código	615G01104
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Bruna Quintas, Fernando		Correo electrónico	f.bruna@udc.es
Profesorado	Bruna Quintas, Fernando		Correo electrónico	f.bruna@udc.es
	Picatoste Novo, José María			j.pnovo@udc.es
Web				
Descrición xeral	Detrás ou diante de cada fenómeno social hai un transfundo o una vertente de carácter económica. O enfoque da Economía convencional céntrase nos incentivos económicos a axentes racionais. Aínda que existen outros enfoques, como o da Economía Marxista ou a Institucional, neste curso centrámonos en entender os principios básicos da ciencia económica no referido a incentivos privados a axentes racionais, oferta e demanda de merca-do, medición da economía e flutuacións da renda ou do nivel de prezos. Ao tempo, preténdese proporcionar un aparato metodolóxico que axude a pensar en termos de modelos sobre a sociedade, o que inclúe algo de ferramentas gráficas e matemáticas simples.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Comprender os fundamentos da análise económica e as súas implicacións sociolóxicas. Introducirse no uso de metodoloxías e das diferentes técnicas de análise.	A20		C8
Adquirir coñecementos básicos de microeconomía e macroeconomía con especial atención á aplicación de políticas económicas.	A6 A32		
Avaliar as capacidades de análise e síntese do/a alumno/a en relación á materia impartida a partir da resolución de problemas e supostos prácticos.		B3 B4	

Contidos	
Temas	Subtemas
1) Introducción	O enfoque económico, historia do pensamento económico, modelos e incentivos. Introdución matemática e gráfica.
Bloque I: Microeconomía	Oferta, demanda e equilibrio de mercado. Estructuras alternativas de mercado.
2) O mercado	
3) O consumidor	Restricción orzamentaria, preferencias, elección.
4) O produtor	Custes, ingresos, elección.
Bloque II: Macroeconomía	Contabilidade nacional. Outros indicadores económicos.
5) Agregados económicos	
6) Renda nacional e flutuacións	Determinación da renda nacional. Multiplicadores.
7) O diñeiro	Sistema bancario e creación de diñeiro. A inflación.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 A20 A32 C8	35	42	77
Solución de problemas	B4	6	18	24
Proba obxectiva	A6 B3 B4	4	40	44
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As actividades de docencia presencial do curso abrangerán clases maxistras, ademais das clases prácticas. Nas clases maxistras explicaranse os temas centrais do curso de forma detida, proporcionando toda a información para que o/a alumno/a poda desenvolver o correcto seguimento do curso. A asistencia, de acordo coa guía da titulación, se considera obrigatoria e de fundamental importancia para o correcto seguimento do curso e das actividades propostas polo/a profesor/a. Os/as profesores/as encargados da docencia determinarán as tecnoloxías da información e comunicación que os/as alumnos/as poden utilizar para o desenvolvemento e seguimento das mesmas.
Solución de problemas	Os/as alumnos/as realizarán diferentes traballos sobre temas específicos e supostos prácticos recomendados polo profesor/a. Estes traballos valoraran a capacidade de recompilar e sintetizar, e a aportación que cada alumno/a poda facer en canto ao estilo, enfoque e procedemento segundo orientación do profesor/a.
Proba obxectiva	A materia terá os exames finais ordinarios nas convocatorias e datas programadas pola Facultade. No caso de que os/as alumnos/as superasen os exames e probas parciais programadas ao longo do curso, quedarían exentos da súa realización.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	- Podemos ter sesións de tutoría ao final das aulas prácticas, no despacho ou de xeito online, a través de Teams. Prégase que se solicite unha cita antes por e-mail, indicando a dispoñibilidade horaria, despois de considerar os horarios de tutoría do profesor. Por favor, non use os chats de Teams ou do Campus Virtual.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A6 B3 B4	Probas de resposta múltiple.	90
Solución de problemas	B4	Exercicios prácticos para entregar en clase.	10

Observacións avaliación
- Os criterios de avaliación do alumnado con dedicación a tempo parcial ou dispensa de asistencia poderanse adaptar de xeito que o exame final pondere un 100% ou poda facer tamén traballos que non estean relacionados con presencialidade.- En caso de detectarse plaxio nun traballo ou que se copiou nun exame, obterase a cualificación de "suspense" (nota numérica 0) nesa convocatoria, incluso si iso require modificar as actas da convocatoria.

Fontes de información



Bibliografía básica	- Acemoglu, Daron; David Laibson & John A. List (2017). Economía: un primer curso inspirado en el mundo real . Barcelona: Antoni Bosch - Acemoglu, Daron; David Laibson; John List (2020). Economics, Global Edition (3rd edition). Pearson Hai moitos libros sobre Introducción á Economía. Este curso vai seguir este. Por favor, consulte ao profesor si quere mirar outras fontes.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

- Nesta materia trátase de incorporar a perspectiva de xénero e promover valores de respecto e igualdade. Suxírese compartir co profesor e/ou titores do Grao calquera dúbida ou posibilidade de mellora neste senso.- Por favor, use o correo electrónico oficial para contactar co profesor, non o chat de Teams ou do Campus Virtual.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías